



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes

Referencia: FOIE / 2025

Expediente convocatoria: 2024000034298

**RESOLUCIÓN POLA QUE SE AVOCA A COMPETENCIA PARA A APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS E SE APROBAN AS BASES E A CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA O INVESTIMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS NO ANO 2025 (FOIE / 2025)**

Don **VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

**ANTECEDENTES**

Por resolución número 29325, de 24 de xullo de 2023, o Presidente delegou na Xunta de Goberno entre outras: "A aprobación das bases de subvencións, cuxa competencia corresponda inicialmente ao presidente".

Tendo en conta a data da convocatoria da próxima Xunta de Goberno e considerando a urxencia de aprobar as Bases reguladoras do "Programa de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para o investimento de servizos sociais no ano 2025", e vistos os informes do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes, da Secretaría Xeral e do Servizo de Fiscalización e Control Financeiro,

**RESOLVO:**

**Primeiro.** Avocar a competencia que, con carácter xeral foi delegada por resolución número 29325, de 24 de xullo de 2023 na Xunta de Goberno, e considerando a urxencia da aprobación das Bases reguladoras do "Programa de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para o investimento de servizos sociais no ano 2025", que ven motivada pola necesidade de que as persoas destinatarias poidan facer as súas previsións respecto do obxecto da subvención neste programa para o exercicio 2025 coa suficiente antelación.

**Segundo.** Aprobar as Bases reguladoras do "Programa de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para o investimento de servizos sociais no ano 2025", que figuran no Anexo - Bases Reguladoras.

**Terceiro.** Dispoñer a publicación das bases deste programa no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

**Cuarto.** Aprobar a convocatoria do Programa de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para o investimento de servizos sociais no ano 2025, de conformidade coas bases reguladoras que figuran

no Anexo - Bases Reguladoras.

O prazo de solicitude iniciarase ás 08:00 horas do día 15 de novembro de 2024, e finalizará ás 14:00 horas do día 16 de decembro de 2024, tendo en conta que, tanto as solicitudes como o resto da tramitación do programa, realizarase por vía telemática a través da plataforma SUBTEL, accesible dende a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña.

**Quinto.** Remitir esta resolución, así como o extracto da convocatoria conforme ao Anexo - Extracto da convocatoria, á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), para a súa publicación a través do Sistema Nacional de Publicidad de Subvenciones y Ayudas Públicas, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, publicación que se tramitará como urxente.

**Sexto.** Dar conta desta resolución á Xunta de Goberno.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor, alternativamente, recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.

## ANEXO - BASES REGULADORAS

### BASES REGULADORAS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA, DO PROGRAMA DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA O INVESTIMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS NO ANO 2025 (FOIE/2025)

#### Datos do programa

<b>Unidade xestora</b>	Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes
<b>Sección</b>	Sección de Servizos Sociais
<b>Anualidade</b>	2025
<b>Denominación</b>	Programa de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para investimento de servizos sociais no ano 2025
<b>Entidades beneficiarias</b>	Entidades sen ánimo de lucro prestadoras de servizos sociais con sede social na provincia da Coruña ou que desenvolvan a súa actividade na mesma.
<b>Programa</b>	FOIE/2025
<b>Aplicación orzamentaria</b>	0611/231.21/781
<b>Importe da convocatoria</b>	1.000.000 € Este importe poderá ser obxecto de modificación orzamentaria.
<b>Importe do orzamento de gastos</b>	Máximo 200.000 €, mínimo 750 €.
<b>Importe da subvención que se vai conceder</b>	Ata 60.000 euros. Outras limitacións: <ul style="list-style-type: none"><li>- No caso de solicitar unha petición na convocatoria FOAXE-C o máximo conxunto a conceder non poderá ser superior a 80.000 €</li><li>- No caso de solicitar unha petición na convocatoria FOAXE-P o máximo conxunto a conceder non poderá ser superior a 60.000 €.</li></ul>
<b>Importe solicitado</b>	Do 20% ao 80% do orzamento de gastos subvencionable
<b>Coeficiente de financiamento</b>	Variable do 0,20 ao 0,80
<b>Gasto anticipado</b>	Si, será de aplicación o establecido na disposición adicional das Bases Xerais.

#### Exposición de motivos

A Deputación da Coruña, no marco das súas competencias, destina importantes recursos á actividade de fomento, principalmente mediante a concesión de axudas económicas orientadas á promoción de actividades e investimentos, e mantemento de centros e servizos

considerados de interese público, coa finalidade de contribuír a que as entidades da provincia acaden os obxectivos que lles son propios e de fomentar a participación da cidadanía nos distintos ámbitos de actuación e promover a igualdade de xénero.

## **1.- BASES XERAIS**

Bases Xerais reguladoras dos programas de subvencións da Deputación Provincial da Coruña, aprobadas por resolución do presidente da Deputación número 39048 do 1 de outubro de 2024 ([BOP número 190, mércores, 2 de outubro de 2024](#)).

## **2.- BASES ESPECÍFICAS**

### **Base 1. Réxime xurídico**

Forman parte do marco xurídico deste programa as seguintes normas e demais disposicións legais sectoriais de desenvolvemento:

- Lei 13/2008, do 3 de decembro de Servizos Sociais de Galicia.
- Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia.
- Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.
- Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de Axuizamento Civil.
- Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.
- Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención a persoas en situación de dependencia.
- Lei 2/1996, do 8 de maio, de Galicia sobre drogas

A presente subvención está incluída no plan estratéxico provincial de subvencións da Deputación da Coruña, que foi aprobado mediante acordo plenario número 13 do 27 de setembro do 2024, e contribúe ao logro dos obxectivos incorporados no dito plan.

### **Base 2. Obxecto e finalidade**

#### **2.1. Obxecto**

### **2.1.1. Servizos, programas e actividades subvencionadas**

Serán obxecto desta convocatoria os servizos, programas ou actividades contemplados nesta base.

Poderase solicitar un só código e un só tipo de programa dos enmarcados en cada código.

A denominación do obxecto da subvención recollido na solicitude deberá reflectir correctamente o seu contido, indicando código, nome do programa que corresponda co código, e título do seu programa (Exemplo: EF-1 Centros de menores “ABRENTE” ). De non ser así, poderá modificalas de oficio a Sección de Servizos Sociais. A denominación modificada será a que figure nas resolucións de concesión.

A Sección de Servizos Sociais poderá remitir as peticións ao código correspondente dentro da mesma convocatoria cando se estime que a solicitude está mal presentada.

No caso de que se estime que a petición encaixa noutra convocatoria da Sección de Servizos Sociais poderase realizar de oficio o cambio, despois do consentimento da entidade interesada.

#### **ÁREA DE FAMILIA, INFANCIA E MOCIDADE**

**EF-1** Centros de menores

**EF-2** Centros de atención á infancia

**EF-3** Ludotecas

**EF-4** Puntos de encontro

**EF-5** Programas de atención psicosocial e intervención socioeducativa dirixidos a menores en situación de risco ou conflito social.

#### **ÁREA DE PERSOAS MAIORES**

**EP-1** Residencias

**EP-2** Fogares residenciais

**EP-3** Centros de atención diúrna e/ou nocturna

**EP-4** Vivendas comunitarias

**EP-5** Apartamentos tutelados

**EP-6** Vivendas colaborativas

## **ÁREA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE**

**ED-1** Eliminación de barreiras

**ED-2** Centros residenciais

**ED-3** Centros de día

**ED-4** Centros ocupacionais

**ED-5** Centros de rehabilitación psicosocial e laboral

**ED-6** Centros especiais de emprego (sen ánimo de lucro)

**ED-7** Vivendas comunitarias

**ED-8** Apartamentos tutelados

**ED-9** Tratamentos de rehabilitación

**ED-10** Respiro familiar.

**ED-11** Programas de activación sociolaboral para o acompañamento e mellora da empregabilidade, dirixidos a traballar competencias persoais e/ou técnicas

**ED-12** Programas de inserción laboral que contén con accións prelaborais, de capacitación e acompañamento a través de procesos de intermediación e seguimento

**ED-13** Programas de acción tutelar

## **ÁREA DE CONDUCTAS ADITIVAS (CON OU SEN SUBSTANCIA)**

**EOT-1** Programas de tratamento terapéutico, rehabilitación e inserción social.

**EOT-2** Unidades de día

**EOT-3** Unidades asistenciais

**EOT-4** Comunidades terapéuticas

**EOT-5** Vivendas de apoio

**EOT-6** Centros especializados en tratamento do alcoholismo

**EOT-7** Programas de apoio ás familias e para prevención no colectivo de menores e mocidade que se desenvolvan en colaboración cos centros de atención a persoas con drogodependencias.

**EOT-8** Programas de activación sociolaboral para o acompañamento e mellora da empregabilidade, dirixidos a traballar competencias persoais e/ou técnicas

**EOT-9** Programas de inserción laboral que contén con accións prelaborais, de capacitación e acompañamento a través de procesos de intermediación e seguimento

## **ÁREA DE MINORÍAS ÉTNICAS E INMIGRACIÓN**

**EOM-1** Programas de formación prelaboral para o emprego.

**EOM-2** Programas de activación sociolaboral para o acompañamento e mellora da empregabilidade, dirixidos a traballar competencias persoais e/ou técnicas

**EOM-3** Programas de inserción laboral que contén con accións prelaborais, de capacitación e acompañamento a través de procesos de intermediación e seguimento

**EOM-4** Programas de apoio á integración social.

## **ÁREA DE INCLUSIÓN SOCIAL**

**EOR-1** Banco de alimentos

**EOR-2** Albergues

**EOR-3** Centros de acollida e inclusión

**EOR-4** Comedores sociais

**EOR-5** Centros de atención social continuada

**EOR-6** Centros de día de inclusión social

**EOR-7** Programas de activación sociolaboral para o acompañamento e mellora da empregabilidade, dirixidos a traballar competencias persoais e/ou técnicas

**EOR-8** Programas de inserción laboral que contén con accións prelaborais, de capacitación e acompañamento a través de procesos de intermediación e seguimento

Nos programas orientados a inserción social e/ou laboral, as persoas destinatarias destas accións deberán reunir polo menos unha ou máis das condicións recollidas no artigo 3 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.

Tendo en conta a inclusión da transversalidade de xénero, poderase solicitar como parte de calquera dos programas recollidos na convocatoria, sempre que se estime necesaria a conciliación da vida familiar, persoal e laboral, segundo a natureza da actividade, un servizo específico de conciliación. Valorará a adecuación do dito servizo o persoal técnico da Sección de Servizos Sociais.

### ***2.1.2. Ámbito temporal***

Os gastos que se subvencionen conforme a esta convocatoria serán os que se realicen no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2025 e o 31 de decembro de 2025. Os xustificantes de gasto deberán ser emitidos nas datas sinaladas no ANEXO II (relación clasificada dos gastos realizados).

De ningún xeito se poderá outorgar unha subvención para executar un proxecto ou actividade que, no momento de presentarse a correspondente solicitude, xa estea completamente executado.

As entidades beneficiarias da subvención poderán solicitar a prórroga da súa xustificación despois de petición razoada. A solicitude de prórroga poderá presentarse ata o 16 de decembro de 2025 ás 14:00 h.

Concedida a prórroga, na certificación de gastos poderán incluírse gastos realizados con posterioridade ao 31 de decembro de 2025, con data límite do 15 de abril de 2026.

## 2.2 Finalidade

O obxectivo da convocatoria é apoiar ás entidades sen ánimo de lucro na realización de investimentos (obras e/ou equipamento) para a mellora de servizos, programas e/ou actividades en materia de servizos sociais

### Base 3. Solicitantes

Poderán solicitar as subvencións neste programa as entidades sen ánimo de lucro con sede social na provincia da Coruña ou que desenvolvan a súa actividade na mesma e que cumpran os requisitos destas bases e os establecidos na ordenanza xeral de subvencións e transferencias no momento de presentar as solicitudes.

#### Requisitos:

##### 3.1. Rexistro.

A entidade deberá cumprir cos seguintes requisitos de rexistro:

- Estar rexistradas como entidade de iniciativa social sen ánimo de lucro no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Xunta de Galicia (Decreto 254/11, do 23 de decembro, DOG do 20 de xaneiro de 2012).
- No caso dos centros especiais de emprego sen ánimo de lucro deberán acreditar que están rexistrados no Rexistro de Centros Especiais de Emprego da Xunta de Galicia. No caso das cooperativas sen ánimo de lucro deberán estar rexistradas no Rexistro de Cooperativas da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, como cooperativas sen ánimo de lucro.
- No caso dos centros e establecementos sanitarios deberán de estar rexistrados no Rexistro de Centros, servizos e establecementos sanitarios de Galicia.

As entidades que non estean rexistradas nos termos anteriores, deberán solicitar o rexistro previamente á presentación da solicitude da subvención. No momento de presentar a xustificación deberán acreditar o rexistro efectivo.



### **3.2. Autorización administrativa previa.**

Os centros, programas e servizos que deban someterse á autorización administrativa previa da consellería competente en materia de servizos sociais (segundo o disposto na disposición transitoria primeira do Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia), deberán contar coa correspondente autorización ou tela solicitada con anterioridade á finalización do prazo de presentación de solicitudes. Sen prexuízo do establecido na normativa específica, os ditos centros son os seguintes:

- Centros de atención á infancia e a menores en situación de conflito ou desamparo e os servizos complementarios regulados polo Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia.
- Ludotecas
- Puntos de encontro familiar.
- Centros de atención a persoas maiores, con discapacidade e dependencia.
- Centros residenciais para mulleres vítimas de maltrato.
- Centros de inclusión e emerxencia social.

No suposto de ser necesaria a autorización da Xunta de Galicia para a construción/creación e/ou modificación substancial de centros de servizos sociais, as entidades deberán de contar con esta autorización ou tela solicitada con anterioridade ao prazo de presentación de solicitudes.

### **3.3. Os bancos de alimentos deberán de formar parte da Federación Española de Bancos de alimentos (FESBAL).**

A presentación dunha solicitude de subvención supón a aceptación das correspondentes bases reguladoras, xunto coas recollidas nas Bases xerais e na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias

#### **Entidades excluídas:**

- Entidades que foran sancionadas ou condenadas por resolución administrativa ou sentenza firme pola comisión de condutas discriminatorias nos termos dispostos na Lei orgánica 3/2007 do 22 de marzo, para a igualdade efectiva entre mulleres e homes, na Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.
- Entidades que utilicen na súa actividade unha linguaxe sexista ou empreguen a imaxe da muller como reclamo ou con connotacións de tipo sexual ou denigrante.

## **Base 4. Gastos subvencionables**

### **4.1. Gastos subvencionables**

Serán subvencionables os gastos comprendidos nos conceptos incluídos na táboa de contas que figura deseguido.

<b>Conta</b>	<b>Descrición da conta</b>
206	Aplicacións informáticas
211	Construcións
213	Maquinaria
214	Ferramenta
216	Mobiliario
217	Equipos para procesos de información
219	Outro inmovilizado material

#### **4.2. Gastos excluídos**

Exclúense dos gastos subvencionables obxecto das solicitudes, cando non correspondan cos obxectivos da convocatoria, os seguintes:

- a) Os gastos referidos a actividades culturais, deportivas e de lecer e tempo libre, cando non correspondan cos obxectivos da convocatoria.
- b) Os gastos referidos a obras ou equipamentos que non sexan susceptibles de uso.

Os gastos que formen parte dunha obra ou fase de obra e cuxo orzamento (da obra completa ou fase a que correspondan) supere os 200.000 €. Este requisito se comprobará na xustificación da subvención, tendo en conta as licenzas ou permisos pertinentes e o proxecto ou memoria técnica.

Aqueles conceptos de gastos incluídos en proxectos que xa foron subvencionados en convocatorias anteriores, aínda que non foran executados.

Investimentos nos centros que non cumpran cos requisitos de autorización de centros da Xunta de Galicia segundo o establecido na base 3.2. da parte específica.

Gastos de materiais audiovisuais cando estes non se utilicen exclusivamente para a actividade subvencionada.

Gastos derivados de agasallos e atencións protocolarias.

Sustancias nocivas para a saúde e gastos suntuarios.

Investimentos nas sedes sociais das entidades onde non se desenvolvan os programas subvencionados e centros non contemplados dentro dos códigos da convocatoria.

#### **Base 5. Compatibilidades e exclusións**

A participación neste programa é compatible coa obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

As subvencións deste programa son incompatibles con outras subvencións da Deputación da Coruña, excepto cos seguintes programas:

- FOAXE-P: Programa de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para o mantemento de programas e servizos en materia de servizos sociais no ano 2025, sempre que axusten as dúas peticións aos límites de contía indicados nas convocatorias.
- FOAXE-C: Programa de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para o mantemento de centros de servizos sociais no ano 2025, sempre que axusten as dúas peticións aos límites de contía indicados nas convocatorias.
- FOIEV: Programa de subvencións ás entidades sen ánimo de lucro da provincia da Coruña para a mellora dos servizos e programas en materia de servizos sociais e sociosanitarios para a adquisición de vehículos, ano 2025

## Base 6. Forma e prazo da solicitude

### 6.1. Forma

As entidades interesadas en participar en cada convocatoria deberán presentar unha solicitude a través do apartado correspondente á convocatoria da plataforma telemática Subtel (na páxina web <https://sede.dacoruna.gal/Subtel/>) cubrindo os campos da solicitude e presentando toda a información que se solicita, teranse por non presentadas as rexistradas fóra da plataforma Subtel.

Non se admitirá máis dunha solicitude por entidade.

No caso de presentación de varias solicitudes só se terá en conta a última presentada, que deixará sen efecto e anulará todas as anteriores.

### 6.2. Prazo de presentación

O prazo de presentación de solicitudes determinarase no anuncio do extracto de cada convocatoria que se publicará no BOP, por conduto da Base de Datos Nacional de Subvencións.

## Base 7. Compromisos e obrigas

**7.1.** As entidades beneficiarias deberán de poñer en marcha o servizo e/ou prestación ao que vai destinado o investimento unha vez rematado este e obtidas, de ser necesario, as correspondentes licenzas e/ou permisos.

7.2. Faceren constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fagan das actividades ou investimentos subvencionados, así como, no seu caso, na súa páxina web e/ou redes sociais.

Para dar por satisfeito este compromiso a entidade deberá acreditar graficamente no momento da xustificación a inclusión do símbolo e logotipo da Deputación da Coruña a través das seguintes **canles de difusión obrigatorias**:

- **Na páxina web ou nunha rede social.** No caso de que a entidade non dispoña destas deberá facelo constar na xustificación da subvención.
- **Nas obras subvencionadas.** Deberán de colocar un rótulo ou placa co logotipo da Deputación nun lugar o suficientemente visible do local, que deberá permanecer no mesmo por un prazo, como mínimo, de 5 anos a contar dende a finalización das obras.
- **En cada un dos equipamentos adquiridos** manténdose, como mínimo, durante un prazo de 2 anos a contar dende a recepción do equipamento.

Cando varios equipamentos teñan o mesmo emprazamento só será preciso a colocación dun cartel publicitando a achega provincial.

Esta obriga entenderase, como mínimo, desde a data de concesión ata a finalización do período de adscrición obrigatoria do ben á finalidade da subvención.

## Base 8. Valoración das solicitudes e procedemento de concesión

### 8.1. Criterios de valoración

Para a revisión das solicitudes, o baremo e puntuación destas, nomearase unha **comisión técnica**, que estará composta por tres persoas expertas e de recoñecida traxectoria que non teñan relación con ningún dos/as solicitantes nin relación directa cos proxectos que se poidan presentar.

As funcións de secretaría desta comisión será realizada por persoal funcionario do servizo correspondente, con voz, pero sen voto.

A composición da comisión técnica aprobarase por Resolución de Presidencia, e será pública, a través da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia

Esta comisión poderá propoñer a exclusión de solicitudes, de forma argumentada, por inadecuación argumentada á finalidade e obxecto desta convocatoria ou falta de calidade mínima dos proxectos para os que se solicita a axuda. Do mesmo xeito, poderá facelo se identifica contidos de carácter discriminatorio ou vexatorio contra persoas ou colectivos.

A selección das peticións e a contía das subvencións determinarase despois da valoración das solicitudes de acordo co baremo seguinte:

<p><b>A. Coeficiente de financiamento</b> segundo a súa definición, recollida nas bases reguladoras. De tal xeito que, a menor coeficiente, meirande puntuación obtería a entidade solicitante.</p>	<p><b>Ata 30 puntos</b></p>
---	-----------------------------

<p><b>B. Antigüidade da entidade desde a súa constitución</b></p> <p>De 10 a 20 anos</p> <p>De 21 a 30 anos</p> <p>Máis de 30 anos</p>	<p><b>Ata 5 puntos</b></p> <p>1 punto</p> <p>3 puntos</p> <p>5 puntos</p>
<p><b>C. Calidade da entidade</b></p> <p>Por contar coa Declaración de utilidade pública ou ben ser unha fundación</p> <p>Por contar cunha certificación de calidade vixente, acreditada por unha entidade certificadora, obtida nos tres últimos anos anteriores á presentación da solicitude.</p> <p>Por contar con premios e/ou recoñecementos outorgados por administracións públicas (nos últimos 10 anos)</p>	<p><b>Ata 7 puntos</b></p> <p>2 puntos</p> <p>3 puntos</p> <p>2 puntos</p>
<p><b>D. Estabilidade e continuidade</b>, anos que se leva desenvolvendo o programa para o que solicita subvención</p> <p>De 1 a 5 anos</p> <p>De 6 a 15 anos</p> <p>Máis de 15 anos</p>	<p><b>Ata 6 puntos</b></p> <p>2 puntos</p> <p>4 puntos</p> <p>6 puntos</p>
<p><b>E. Procedencia das persoas usuarias directas do programa solicitado</b></p> <p>Proceden de dous concellos</p> <p>Proceden de entre tres e cinco concellos</p> <p>Proceden de máis de cinco concellos</p>	<p><b>Ata 5 puntos</b></p> <p>1 punto</p> <p>3 puntos</p> <p>5 puntos</p>
<p><b>F. Concellos nos que se presta o programa solicitado</b></p> <p>En dous concellos</p> <p>Entre tres e cinco concellos</p> <p>En máis de cinco concellos</p>	<p><b>Ata 5 puntos</b></p> <p>1 punto</p> <p>3 puntos</p> <p>5 puntos</p>
<p><b>G. O emprego da lingua galega</b></p> <p>Presentación da solicitude e toda a súa documentación complementaria en galego</p> <p>Compromiso do uso do galego na actividade diaria ou cotiá da entidade</p> <p>Polo emprego da lingua galega na páxina web da entidade e/ou nas redes sociais (blogs, Facebook, Twitter,...)</p>	<p><b>Ata 7 puntos</b></p> <p>2 puntos</p> <p>2 puntos</p> <p>3 puntos</p>
<p><b>H. Cesión dun local por parte da Deputación.</b></p> <p>A aquelas entidades solicitantes que teñan cedido un local para o desenvolvemento dos seus servizos por parte da Deputación Provincial da Coruña, descontaráselle 3 puntos da puntuación obtida.</p>	<p><b>Redución de 3 puntos</b></p>
<p><b>I. Proxecto técnico</b> (segundo o recollido no Proxecto descritivo xeral da actividade) co seguinte detalle:</p>	<p><b>Ata 35 puntos</b></p>

<p><b>Obxectivos:</b></p> <p>Pola descrición de obxectivos xerais e específicos adaptados ás necesidades das persoas usuarias e accións programadas para cumprir obxectivos concretos.</p>	<p><b>Ata 5 puntos</b></p>
<p><b>Metodoloxía:</b></p> <p>Pola definición das ferramentas, técnicas, e instrumentos, adaptados ás necesidades das persoas usuarias e pola adaptación temporal das actividades previstas aos obxectivos que se han acadar</p> <p>Pola descrición do proceso avaliativo, coa definición de indicadores específicos e accións programadas para cumprir obxectivos concretos, ferramentas e instrumentos de avaliación.</p>	<p><b>Ata 10 puntos</b></p> <p><b>Ata 5 puntos</b></p> <p><b>Ata 5 puntos</b></p>
<p><b>Coordinación</b> (interna e externa, con outras entidades de iniciativa social, servizos sociais municipais e/ou con outras administracións a nivel supramunicipal)</p>	<p><b>Ata 3 puntos</b></p>
<p><b>Recursos materiais e técnicos e Recursos humanos.</b></p> <p>Por contar con materiais específicos, emprego das novas tecnoloxías para a difusión do proxecto (web, blog, redes sociais...), elaboración de materiais propios, etc. e contar con persoal especializado en número suficiente para realizar o servizo e/ou actividade</p>	<p><b>Ata 4 puntos</b></p>
<p><b>Transversalidade de xénero:</b></p> <p>Por contar con medidas específicas de transversalidade de xénero, campañas de sensibilización e prevención, accións formativas, protocolos de actuación, programas/servizos ou medidas específicas de conciliación tanto internas como externas.</p>	<p><b>Ata 3 puntos</b></p>
<p><b>Calidade técnica:</b></p> <p>Pola calidade e coherencia xeral do proxecto, desenvolvemento de boas prácticas e accións innovadoras, medidas de atención á diversidade, desenvolvemento estable do programa, copago dos servizos, etc</p>	<p><b>Ata 10 puntos</b></p>

Para a valoración das solicitudes terase en conta o seguinte:

- **Datos de valoración:** a valoración da solicitude conforme á anterior ponderación farase de acordo co exposto pola entidade no proxecto técnico achegado e coa información especificada na solicitude no apartado de “Outros datos” onde deberán consignar toda a información requirida na plataforma Subtel.

Para estes efectos aplicaranse de oficio as correccións valorativas necesarias para evitar a asignación de puntos non xustificadas axeitadamente na propia solicitude da entidade.

Co obxecto de favorecer o procedemento de concorrencia competitiva non se lle requirirá a ningunha entidade a ampliación ou modificación dos datos de valoración,

salvo que estes sexan necesarios para comprobar que o proxecto se adapta aos requisitos da convocatoria ou para retirar da solicitude as partes do proxecto non subvencionables segundo as bases da convocatoria.

▫ **Declaración de utilidade pública:** a entidade deberá indicar o diario oficial onde se publicou esta declaración, o número de boletín e a data de publicación. De acordo co punto anterior, logo de revisar o boletín sinalado, procederase a aplicar de oficio as correccións valorativas necesarias para evitar a asignación de puntos non xustificadas axeitadamente

▫ **Cómputo de anos:** para computar os anos nos criterios de valoración terase en conta a data de fin de prazo de presentación das solicitudes como data de final do período. Cando non se indique a data de inicio do período, non se valorarán os ítems correspondentes.

▫ **Criterios de valoración dos premios:**

A) Contido do programa premiado: Valoraranse os premios obtidos pola traxectoria da entidade no desenvolvemento de programas en materia de servizos sociais, socio sanitarios e igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e loita contra a violencia de xénero

Non se valorarán os premios de carácter persoal obtidos por membros da xunta directiva aínda que sexa en representación da entidade

B) Forma de obtención: Valoraranse aqueles premios outorgados por xurados constituídos por persoas expertas ou declaracións oficiais institucionais.

En caso de dúbida, a valoración queda ao criterio da comisión técnica.

**Procedencia das persoas usuarias do programa/centro e concellos no que se desenvolverá a actividade:** Para valorar estes apartados deberase especificar da un dos concellos, Non se valorará outro tipo de referencia xenéricas (comarca, provincia, etc.)

▫ **Achegas económicas das persoas usuarias:** é finalidade desta Deputación garantir que todas as persoas poidan acceder aos Servizos Sociais aínda que non dispoñan dos medios económicos axeitados ou suficientes para o aboamento dos custos e sen prexuízo da calidade e priorización dos servizos.

Polo tanto e tendo en conta o recollido no art. 56 da Lei 13/2008 dos servizos sociais de Galicia, sobre a achega económica das persoas usuarias ao financiamento dos servizos sociais, a Deputación da Coruña valorará nesta convocatoria, a achega económica das persoas usuarias ao financiamento dos custos dos servizos.

A valoración farase de acordo ás seguintes consideracións:

1. Non se considerará copago a achega da cota de socios/as á entidade prestadora do servizo.
2. Considérase copago a achega económica das persoas usuarias ao financiamento dos custos dos servizos subvencionados.
3. As entidades deberán recoller no proxecto técnico o custo do servizo, así coma os baremos de proporcionalidade que se establezan.

**Transversalidade de xénero:**

A transversalidade de xénero supón a aplicación e inclusión do principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, de tal modo que se garanta o acceso das persoas en igualdade de condicións, se planifiquen as actuacións tendo en conta as desigualdades existentes e se identifiquen e avalíen os resultados producidos para o avance na igualdade de oportunidades entre mulleres e homes real.

Terase en conta para a valoración as accións previstas a maiores dos requisitos obrigatorios en materia de transversalidade recollidos na base 7 das Bases Xerais de Subvencións.

A inclusión do principio de transversalidade poderá realizarse en cada unha das fases do proxecto e incluírse a través de por exemplo: obxectivos estratéxicos e claros en consonancia co principio de igualdade, accións formativas específicas de igualdade, a posta en marcha de equipos mixtos e equilibrados de traballo, actividades específica de igualdade, a través da formulación de indicadores avaliativos en relación co fomento da igualdade de xénero, incluíndo protocolos relacionados coa materia, plans específicos, medidas de conciliación para o fomento da participación, etc. tanto relativos o proxecto presentado como a accións/servizos da entidade.

A descrición da inclusión do principio de transversalidade de xénero para a súa valoración recollerase no apartado correspondente no modelo de proxecto técnico presentado para a solicitude e na memoria técnica para a xustificación.

## 8. 2. Procedemento de concesión

A concesión das subvencións realizarase en réxime de concorrència competitiva polo procedemento de concesión provisional e concesión definitiva regulado nas bases xerais destas axudas e será aprobada por resolución da presidencia.

Neste programa non se admiten cambios de obxecto.

**Reformulación:** Cando o importe da subvención concedida sexa inferior ao importe solicitado, entenderase automaticamente reformulada a solicitude de subvención. No entanto, cando a entidade beneficiaria considere que non pode realizar a totalidade do investimento subvencionado, poderá reformular a súa solicitude co obxecto de poder solicitar subvención en futuras convocatorias para os conceptos de gasto que forman parte do proxecto subvencionado e que non se vaian executar. Esta reformulación suporá a nova valoración da solicitude.

A entidade poderá solicitar a reformulación dentro do prazo de 10 días hábiles despois da notificación da resolución de concesión provisional das subvencións. Na resolución de concesión definitiva aprobarase, se procede, a reformulación solicitada e manteranse as condicións de concesión da subvención. No seu caso, minorarase o importe que corresponda. Calquera cambio que se aprobe reflectirase no apartado de datos económicos do expediente de solicitude.

**Cambio de conceptos de gasto** soamente poderán solicitarse no prazo de 10 días hábiles despois da notificación da resolución de concesión provisional e, no seu caso, aprobaranse na resolución de concesión definitiva.



En canto ao cambio de **lugar de realización** da actividade, poderá solicitarse en calquera momento, antes do inicio da execución do programa.

Todos estes cambios deberán contar co informe favorable do persoal técnico da unidade tramitadora do expediente.

## **Base 9. Xustificación e pago**

### **9.1 Prazo de xustificación**

A xustificación poderá presentarse a partir do día seguinte á publicación da resolución de concesión definitiva das subvencións no BOP. O prazo para a xustificación das subvencións rematará o día **31 de marzo de 2026**, ás 14:00 horas.

No caso de entidades que teñan concedida a prórroga, o prazo para a xustificación das subvencións rematará o **15 de abril de 2026**, ás 14:00 h.

### **9.2. Requisitos para o pagamento**

Para o pagamento da achega a entidade deberá xustificar a realización do investimento mediante a presentación da documentación recollida no Anexo II e practicándose as reducións oportunas de acordo coa base 9 das xerais.

Os investimentos deberán axustarse ao orzamento aprobado na concesión definitiva e que figurará en cada expediente de solicitude.

### **9.3 Perda do dereito e reintegro**

Será de aplicación o disposto nas Bases Xerais reguladoras dos programas de subvencións da Deputación Provincial da Coruña e na Ordenanza Xeral de Subvencións e Transferencias.

## **Base 10.- Incumprimentos e sancións**

Será de aplicación o disposto nas Bases Xerais reguladoras dos programas de subvencións da Deputación Provincial da Coruña e na Ordenanza Xeral de Subvencións e Transferencias.

### ANEXO I - Documentación da solicitude

#### Declaracións e compromisos

- A entidade que represento **cumpre todos os requisitos** esixidos ás entidades solicitantes nas bases reguladoras da presente convocatoria e na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña, e no caso de resultar beneficiaria da subvención **comprométese a cumprir fielmente todas as obrigas e compromisos** recollidos nas mesmas e a acreditar de forma fehaciente o seu cumprimento no caso de ser requirida pola Deputación.
- A entidade que represento comprométese a utilizar a **lingua galega** no desenvolvemento do proxecto subvencionado e na produción escrita e oral (cartelaría, publicidade oral e escrita, redes sociais, etc.) a que dea lugar toda a actividade subvencionada, e a dar cumprimento á aquelas outras obrigas establecidas nas bases específicas en relación coa lingua galega.
- Declaro que a entidade que represento non utiliza na súa actividade linguaxe sexista nin emprega a imaxe da muller como reclamo ou connotacións de tipo sexual ou denigrante e comprométese a tratar as imaxes con valores de igualdade, presenza equilibrada, diversidade, pluralidade de roles e identidades de xénero e a recabar datos de participación desagregados por sexo no caso de estudos, estatísticas, enquisas e formularios.
- A entidade que represento comprométese a dar cumprimento as **obrigas de difusión** do apoio da Deputación establecidas Base 7.
- A entidade que represento está legalmente constituída antes da presentación da solicitude e dispón dos **estatutos** adaptados á lei vixente. Asemade, o seu obxecto a faculta para a participación nesta convocatoria.
- Declaro que nin eu nin a entidade á que represento estamos **incursos/as** en ningunha das prohibicións previstas no art. 10 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia, do 13 de xuño para ser beneficiarias ou percibir subvencións da administración pública.
- A entidade que represento comprométese a solicitar tres orzamentos de distintos provedores, no caso de que contrate cun mesmo provedor un gasto superior a 15.000€ (IVE excluído) no caso de equipamentos ou superior a 40.000€ (IVE excluído) nos contratos de obras, e de que seleccionará un deles de xeito motivado, nos termos do artigo 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Declaro coñecer a seguinte información en materia de **protección de datos**: Os datos persoais facilitados nas solicitudes serán tratados pola Deputación da Coruña co fin de levar a cabo a tramitación administrativa do programa correspondente.

A lexitimación para o tratamento dos datos persoais baséase no cumprimento dunha

misión de interese público. No caso de que a Deputación utilice imaxes de persoas físicas para promocionar a súa actividade subvencional contará co consentimento das persoas afectadas e será este a base lexitimadora dese tratamento.

Os datos poderán ser comunicados ás Administracións públicas para o exercicio das súas competencias e serán conservados de acordo co establecido na normativa de arquivo.

As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica da Deputación da Coruña ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Así mesmo se consideran que o tratamento incumpre co establecido no Regulamento Xeral de Protección de Datos poden reclamar perante a Axencia Española de Protección de Datos.

As persoas interesadas poden consultar máis información relacionada coa protección de datos na Política de Privacidade da Deputación ou dirixindo un correo a [delegadodeprotecciondedatos@dacoruna.gal](mailto:delegadodeprotecciondedatos@dacoruna.gal).

- A entidade que represento comprométese a manter a adscrición dos bens ás fins que motivaron a concesión da subvención, por un prazo mínimo de cinco anos, no caso de inmobles ou de dous anos no caso de bens inventariables.
- A entidade que represento comprométese á obtención de licenzas e autorizacións preceptivas para os efectos do cumprimento da legalidade urbanística e do respecto e protección do patrimonio histórico-artístico e do medio, cando sexa necesario.
- No caso de solicitar subvención para unha fase independente da obra, a entidade que represento declara que conta con financiamento suficiente para finalizar a dita fase.
- A entidade que represento comprométese a realizar as actuacións necesarias para **desenvolver o obxectivo do programa**.
- Declaro que nin eu nin a entidade á que represento fomos sancionados ou condenados por resolución administrativa ou sentenza firme pola comisión de **condutas discriminatorias** nos termos dispostos na Lei orgánica 3/2007 do 22 de marzo, para a igualdade efectiva entre mulleres e homes, na Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.
- Declaro que a entidade que represento **está inscrita ou solicitou a súa inscrición** no Rexistro Único de entidades prestadoras de servizos sociais da Xunta de Galicia como entidade de iniciativa social sen ánimo de lucro; ou no caso dos centros especiais de emprego sen ánimo de lucro, no Rexistro de Centros Especiais de Emprego da Xunta de Galicia; ou no caso das cooperativas sen ánimo de lucro, no Rexistro de cooperativas da Xunta de Galicia; ou no caso dos centros e establecementos sanitarios deberán de estar rexistrados no Rexistro de Centros, servizos e establecementos sanitarios de Galicia. No caso de que non estea inscrita, a entidade comprométese a acreditar a súa inscrición xunto coa xustificación da achega.
- Declaro que a entidade que represento **solicitou ou posúe autorización** da Xunta de Galicia para o funcionamento do centro, servizo e/ou programa obxecto da

solicitude (nos casos especificados na base 3 das bases específicas) ou, se é o caso, que comprobouse que a entidade subcontratada que implementará o programa ou servizo conta coa dita autorización. No caso de que non dispoña da dita autorización, a entidade comprométese a acreditar a súa obtención xunto coa xustificación da achega.

- Declaro que a entidade que represento solicitou ou posúe a autorización da Xunta de Galicia para a **modificación substancial do centro** (nos caso dos centros especificados na base 3 ).
- Declaro que a entidade que represento solicitou ou posúe a autorización da Xunta de Galicia para a **creación/construcción de centro** (no caso dos centros especificados na base 3).
- No seu caso, declaro que a entidade que represento forma parte da Federación Española de Bancos de Alimentos (FESBAL).
- Declaro que as obras ou equipamentos obxecto da solicitude da subvención non son os mesmos que os subvencionados por esta Deputación en **convocatorias anteriores**, así como que non se solicita subvención para conceptos de gasto xa subvencionados por esta Deputación en convocatorias anteriores, executados ou non.
- Declaro que que o orzamento da solicitude non se corresponde a unha **parte dunha obra ou fase de obra** cuxo orzamento supera 200.000 €.
- A entidade que represento comprométese á **posta en marcha** do servizo e/ou prestación ao que vai destinado o investimento unha vez rematado este e obtido, de ser necesario, as correspondentes licenzas e/ou permisos.
- No caso de solicitar axuda para unha obra que se desenvolva en **fases** a entidade á que represento, declara que a fase para a que solicita a axuda é susceptible de utilización independente.

#### Documentos

- Certificación acreditativa do **acordo de solicitude, de representación, delegación, cargos e número de persoas asociadas**.
- **Proxecto técnico**.

Proxecto descritivo xeral da actividade que se vai realizar.

Deberán achegarse todos os datos para os efectos de valoración da solicitude. Non se valorarán aqueles apartados que non sexan cubertos.

- No caso de que algunha das actividades que execute a entidade solicitante implique o contacto habitual con **menores** de idade, certificación de que comprobou que o persoal ao seu cargo non foi condenado por sentenza firme por ningún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como trata de seres humanos. Igualmente, para o persoal que se incorpore con posterioridade ás actividades subvencionadas, compromiso de facer a comprobación a que se refire este apartado. No caso de que

a realización das actividades non implique o contacto habitual con menores de idade, deberán achegar unha certificación da entidade neste senso.

- No caso de que a entidade solicitante concerte a execución total ou parcial da actividade ou proxecto subvencionado con **persoas físicas ou xurídicas vinculadas** á entidade: Solicitud de autorización segundo o disposto no artigo 29.7.d, da Lei xeral de subvencións e artigo 68 do Regulamento desta lei aprobado por RD 887/2006, do 21 de xullo.
- Certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente na Plataforma SUBTEL a consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social.
- **Orzamento** estimado dos gastos, detallando o equipamento e/ou obra para a que se solicita a subvención, e declaración doutros **ingresos ou subvencións** concedidas ou solicitadas para o mesmo obxecto. Os devanditos ingresos e gastos, malia que estean integrados no orzamento xeral da entidade, deberán ser obxecto dun seguimento contable específico. Se abarca dúas ou máis anualidades ou se divide en fases, deberá identificarse o orzamento e as fontes de financiamento de cada unha delas.
- No caso de **agrupacións de entidades** (federacións, confederacións,...) deberán achegar unha listaxe das entidades beneficiarias das actividades para as que solicitan a achega. Tamén deberán achegar esta listaxe as entidades que presten servizos a outras ou aos seus usuarios/as con cargo á achega da Deputación.
- Declaro que a entidade que represento posúe a autorización da Xunta de Galicia para a **modificación substancial do centro** (nos caso dos centros especificados na base 3 ). Se non a tivera no momento da solicitude deberá achegala na xustificación
- Declaro que a entidade posúe a autorización da Xunta de Galicia para a **creación/construcción de centro** (no caso dos centros especificados na base 3). Se non a tivera no momento da solicitude deberá achegala na xustificación.
- **Tres ofertas** de distintos provedores cando o gasto fora superior a 15.000 € (IVE excluído) pola adquisición de equipamento ou 40.000 € (IVE excluído) pola realización de obras. Poderá aportarse no momento da xustificación da subvención.
- **Documentación adicional no caso de fases:** No caso de que os investimentos se realizaran por fases, deberán achegar un **programa da súa execución** onde se indique o número total de fases das que consta o proxecto coas prestacións que se van realizar en cada unha delas, as fases xa realizadas, as que quedan por realizar, e a fase para a que se solicita a subvención. As sucesivas propostas que se formulen deberán numerarse por fases coa indicación das xa executadas. Deberá acreditarse tamén que cada unha das fases subvencionadas son susceptibles de utilización independente.
- **Documentación adicional no caso de obras:**

Declaración do dereito real que se posúa sobre o ben inmovible (propiedade,

arrendamento con especificación do prazo de vixencia, cesión etc.) e no seu caso autorización da propiedade do inmovible para a realización das obras

- **Documentación adicional no caso de obras: Proxecto técnico de obra ou memoria valorada** cando as normas específicas o requiran. Poderá aportarse no momento da xustificación da subvención.

A entidade deberá presentar a documentación esixida segundo os modelos que figuran na plataforma Subtel.

Poderase requirir calquera outra documentación complementaria para a tramitación da solicitude de acordo con estas bases.

## ANEXO II - Documentación xustificación

### Declaracións:

- A entidade que represento deu cumprimento as **obrigas de difusión** do apoio da Deputación establecidas nas bases específicas.
- A entidade que represento non ten **pendente de xustificación** ningunha cantidade anticipada pola da Deputación na que xa rematara o prazo para a presentación de xustificantes.
- No caso en que os gastos subvencionables non acaden o importe mínimo a xustificar, ou se aplique algunha das reducións contempladas na base 9 ou no caso en que a achega provincial, xunto cos outros ingresos percibidos para o mesmo obxecto, supere aos gastos executados: A entidade que represento **renuncia** á parte da achega provincial non xustificada.
- No caso en que a xustificación se presente fóra de prazo: A entidade que represento presenta a **xustificación fóra do prazo** establecido nas bases da convocatoria, acepta a sanción que corresponde segundo a Ordenanza xeral de subvencións e consinte en efectuar voluntariamente o pagamento mediante compensación no pago da subvención, e non presentará alegacións nin recurso algún ao respecto (Esta declaración suporá unha REDUCCIÓN DO IMPORTE DA SANCIÓN DUN 90%).
- A entidade que represento utilizou a **transversalidade de xénero** a través do emprego dunha linguaxe non sexista e inclusiva, e, no seu caso, elaborou materiais que fomentan a igualdade, tratou as imaxes con valores de igualdade, presenza equilibrada, diversidade, pluralidade de roles e identidades de xénero.
- A entidade que represento utilizou a **lingua galega** na comunicación e a produción escrita e oral (cartelaría, publicidade oral e escrita, redes sociais, etc.) a que dou lugar toda a actividade subvencionada pola Deputación da Coruña.
- Declaro que a entidade **posúe autorización** da Xunta de Galicia para o funcionamento do centro, servizo e/ou programa obxecto da solicitude (nos casos especificados na base 3 das bases específicas) ou, se é o caso, que comprobouse que a entidade subcontratada que implementará o programa ou servizo conta coa dita autorización.
- Declaro que a entidade que represento adscribiu os bens aos fins e intereses que

motivaron a concesión da subvención por un prazo mínimo de dous anos para bens inventariables e de cinco anos para bens inmobles e comprométese a manter a dita **adscripción**.

- Declaro que a entidade que represento cumpriu coas **obrigas e compromisos** asumidos na solicitude

#### Documentación:

- Acreditación da **delegación de presidencia** e/ou certificación de **cargos** da entidade cando se produciran variacións respecto dos datos expostos na solicitude.
- **Memoria xustificativa.**
- **Relación clasificada dos gastos realizados:** Documento descargable en SUBTEL e que se xera automaticamente unha vez rexistrados os gastos realizados con cargo á subvención no apartado correspondente da xustificación.

No rexistro dos gastos realizados figurará a identificación da persoa acreedora e o seu NIF, o tipo de documento no que se documentou o gasto e a súa data, o importe imputado e, se é o caso, o efectivamente pagado, así como, se procede, os posibles descontos fiscais.

#### Xustificantes de gasto admitidos:

- Unicamente se admitirán xustificantes de gastos correspondentes a investimentos realizados entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2025** .
- Naqueles casos nos que os gastos fosen realizados no **final do ano** poderán admitirse os xustificantes (factura ou documento equivalente) que fosen expedidos ata o día 16 do mes de xaneiro de 2026 .
- No caso de entidades que teñan concedida a **prórroga** da xustificación, na relación de gastos poderán incluírse gastos realizados con posterioridade ao 31 de decembro de 2025 , con data límite do 15 de abril de 2026 .
- Relación dos ingresos de natureza pública ou privada obtidos para a mesma finalidade, con indicación do seu importe e procedencia, así coma dos propios ingresos que xere a actividade subvencionada ou, pola contra, manifestación de que non se obtiveron outros ingresos para a mesma finalidade.
- **Declaración da entidade indicando se está ou non exenta do IVE** e se está suxeita á regra de rateo a porcentaxe deducible, xa que só poderá terse en conta o cargo co dito imposto cando sexa soportado pola entidade e na porcentaxe que non fora deducible.
- No caso de que algunha das actividades executadas pola entidade implicara o contacto habitual con **menores**, certificación de que se comprobou que o persoal ao seu cargo non foi condenado por sentenza firme por ningún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos (de acordo coa Lei orgánica 1/1996, de protección xurídica do menor, de modificación do Código civil e da Lei de axuízamento civil) ou, pola contra, certificación de que non se executaron este tipo

de actividades.

- **Proba documental** dos medios polos que se lle deu publicidade á subvención concedida e do uso da lingua galega.
- No caso de que contratase cun mesmo provedor subministracións por importe superior a 15.000 € (IVE excluído) ou que as obras sexan por importe superior a 40.000 € (IVE excluído) Copia dos **tres orzamentos** solicitados e motivación da contratación da empresa seleccionada no caso de que non sexa a máis económica.
- Certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**. Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente na Plataforma SUBTEL a consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social.
- Documentación adicional no caso de que a entidade non estea dada de alta na base de datos de terceiros da Deputación provincial da Coruña ou teña intención de asignar unha nova **conta bancaria**:
  - Designación de conta bancaria da entidade no modelo aprobado pola Deputación da Coruña, asinado co certificado de representación da entidade.
  - Certificado acreditativo da titularidade da conta, emitido e asinado electronicamente pola entidade bancaria correspondente ou asinado co certificado de representación da entidade solicitante.
- Acreditación do **registro efectivo e autorizacións** correspondentes, ás que se refire a Base 3, no caso de non telo acreditado con anterioridade.
- **Documentación adicional no caso de equipamentos:**
  - Certificación da súa recepción, na que se detallen os bens adquiridos e se indique que se incluíron no inventario da entidade.
- **Documentación adicional no caso de obras:**
  - Acta de recepción da obra/ fase completa, identificando as obras realizadas.
  - Fotografía da obra.
  - Proxecto técnico ou memoria valorada, cando as normas específicas o requiran.
  - Certificacións de obra subscrita por técnico colexiado competente, no suposto de obra maior.
  - No caso de xustificar unha fase da obra, definírase a fase nun **informe técnico** certificando que a fase executada é susceptible de utilización independente.
- **Documentación adicional no caso de adquisición de inmobles:**
  - Informe de taxador independente debidamente acreditado e inscrito no correspondente rexistro oficial e escritura pública da adquisición.
  - Escritura pública de adquisición de bens inmobles no que conste o importe da subvención concedida e a adscrición do inmovible por un prazo de cinco anos aos fins e intereses que motivaron a súa concesión



- **Licenzas e autorizacións preceptivas** para os efectos do cumprimento da legalidade urbanística e do respecto e protección do patrimonio histórico artístico e do medio ambiente.

A entidade deberá presentar a documentación esixida segundo os modelos que figuran na plataforma Subtel.

Poderase requirir calquera outra documentación complementaria para a tramitación da xustificación de acordo con estas bases.

## ANEXO - EXTRACTO DA CONVOCATORIA

### GALEGO

#### Primeiro. Beneficiarios

- Entidades privadas de iniciativa social sen ánimo de lucro con sede na provincia da Coruña ou que acrediten que os investimentos obxecto da subvención se realizarán no ámbito territorial desta provincia. - Cooperativas sen ánimo de lucro con sede na provincia da Coruña ou que acrediten que os investimentos obxecto da subvención se realizarán no ámbito territorial desta provincia. - Centros especiais de emprego sen ánimo de lucro con sede na provincia da Coruña ou que acrediten que os investimentos obxecto da subvención se realizarán no ámbito territorial desta provincia.

#### Segundo. Obxecto

As entidades poderán solicitar axuda para investimento (adquisición, construción, reforma, ampliación e mellora de inmobles, equipamentos e mobiliario) non subvencionados anteriormente por esta Deputación Provincial de A Coruña

#### Terceiro. Bases reguladoras

A presente convocatoria rexerese polas Bases reguladoras publicadas no BOP.

#### Cuarto. Contía

O importe da consignación ascende a un total de 1.000.000,00 € mais as modificacións que se puideran producir, con cargo á partida 0611/231.21/781 do Orzamento para 2025. As axudas a conceder serán de ata 60.000,00 €.

#### Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de solicitude iniciarase ás 08:00 horas do día 15 de novembro de 2024, e finalizará ás 14:00 horas do día 16 de decembro de 2024, tendo en conta que, tanto as solicitudes coma o resto da tramitación do programa, realizarase por vía telemática a través da plataforma SUBTEL, accesible dende a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña.

#### Sexto. Outros datos de interese

Tanto as solicitudes como o resto da tramitación da presente convocatoria, realizarase por vía telemática a través da plataforma SUBTEL, accesible dende a sede electrónica da Deputación Provincial de A Coruña <https://sede.dacoruna.gal/>

### CASTELLANO

#### Primero. Beneficiarios

- Entidades privadas de iniciativa social sin ánimo de lucro con sede en la provincia de A Coruña o que acrediten que las inversiones objeto de la subvención se realizarán en el ámbito territorial de esta provincia. - Cooperativas sin ánimo de lucro con sede en la provincia de A Coruña o que acrediten que las inversiones objeto de la subvención se realizarán en el ámbito territorial de esta provincia. - Centros especiales de empleo sin ánimo de lucro con sede en la provincia de A Coruña o que acrediten que las inversiones objeto de la subvención se realizarán en el ámbito territorial de esta provincia.

## Segundo. Objeto

Las entidades podrán solicitar ayuda para inversión (adquisición, construcción, reforma, ampliación y mejora de inmuebles, equipamientos y mobiliario) no subvencionados anteriormente por esta Diputación Provincial de A Coruña.

## Tercero. Bases reguladoras

La presente convocatoria se registrará por las Bases reguladoras publicadas en el BOP.

## Cuarto. Cuantía

El importe de la consignación asciende a un total de 1.000.000,00 € más las modificaciones que se pudieran producir, con cargo a la partida 0611/231.21/781 del Presupuesto para 2025. Las ayudas a conceder serán de hasta 60.000,00 €.

## Quinto. Plazo de presentación de solicitudes

El plazo de solicitud se iniciará a las 08:00 horas del día 15 de noviembre de 2024, y finalizará a las 14:00 horas del día 16 de diciembre de 2024, toda vez que, tanto las solicitudes como el resto de la tramitación del programa, se realizará por vía telemática a través de la plataforma SUBTEL, accesible desde la sede electrónica de la Diputación provincial de A Coruña.

## Sexto. Otros datos de interés

Tanto las solicitudes como el resto de la tramitación de la presente convocatoria, se realizará por vía telemática a través de la plataforma SUBTEL, accesible desde la sede electrónica de la Diputación Provincial de A Coruña <https://sede.dacoruna.gal/>